Ao non formularse alegacións ao dito acordo provisional, este adquiriu o carácter de definitivo, segundo foi notificado a través de publicación no BOP de Lugo, nº 294, do 21 de decembro de 2024.

Terceiro.- En cumprimento do disposto na Base 14 das canalizadoras das devanditas subvencións, executadas as actuacións que constitúen o obxecto da concedida á beneficiaria, esta presentou no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade, o 26 de marzo de 2025 (Rexistro de entrada nº: 2025RT005902), a conta xustificativa correspondente á dita subvención.

	IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Página	79/108



Cuarto.- O 18 de abril de 2025, o presidente de ASOPORCEL presentou no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación Provincial de Lugo (Rexistro de entrada nº: 2025RT008069), escrito no que se lle comunicaba a este centro xestor que “no que atinxe ao programa denominado “O que non arde” na convocatoria 2024, detectamos que se aportaron varios documentos que non son certos, é dicir, que se certificou algo que era falso e que, sen dúbida afectou á puntuación obtida polos solicitantes.”; concretándose, no mesmo escrito, que a beneficiaria non está asociada a ASOPORCEL.

Quinto.- Á vista do exposto, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, da Deputación Provincial de Lugo, como centro responsable de instruír e tramitar os respectivos expedientes, requiriuse á beneficiaria, o 25 de setembro de 2025 (Rexistro de saída nº: 2025RPS013228), outorgándolle trámite de audiencia ao efecto de que, no prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, formulara as alegacións e/ou aportara os documentos que estimara convenientes.

Asemade, informóuselle de que, no suposto de non presentarse alegacións e/ou os documentos que acreditaran a súa pertenza á devandita Asociación, iniciárase o correspondente procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención, de acordo co establecido no Capítulo II do Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sexto.- En resposta ao dito requirimento, a beneficiaria presentou no Rexistro Electrónico Xeral desta Deputación, o 10 de outubro de 2025 (Rexistro de entrada nº: 2025RT016515), escrito de alegacións, no que, tras expoñelas, solicitou a admisión do escrito e os documentos que o acompañaban, para que, despois dos trámites correspondentes e as comprobacións oportunas, se acordara ter por acreditada a pertenza da beneficiaria a ASOPORCEL.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.- Dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, Mocidade, tivéronse en conta: Os artigos 61 e 89 e o Capítulo II do Título III do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

O Capítulo II do Título II da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

O Capítulo VI da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (Publicada no B.O.P. Nº 9 do 11 de xaneiro de 2024) (OXS).

E as disposicións aplicables da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

Segundo.- O escrito da beneficiaria contén seis alegacións cuxo contido pode resumirse como segue:

Primeira: O feito de que a súa solicitude de subvención fora presentada por persoal de ASOPORCEL é indicativo de que a beneficiaria é socia desta entidade.

	IV7QSOKYMFMTKSFNXRXSKA3PAU	Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXRXSKA3PAU	Página	80/108	



Segunda: A beneficiaria entende que a soa presentación da súa solicitude de admisión como socia de ASOPORCEL deriva, automaticamente, no seu recoñecemento como tal.

Terceira: Do exposto nas alegacións primeira e segunda debe inferirse a boa fe da beneficiaria na participación na concorrência de subvencións; así como a non imputabilidade da súa persoa no falseamento das condicións que se tiveron en conta para a concesión da subvención.

Cuarta: Non se pode atribuír á beneficiaria o falseamento das condicións que se tiveron en conta para a concesión da subvención.

Quinta: A solicitude de admisión como socia de ASOPORCEL, na práctica, deriva no recoñecemento automático da dita condición.

Sexta: Achégase documentación adicional.

É dicir, o contido esencial das alegacións da beneficiaria céntrase en dous puntos: falta de responsabilidade da beneficiaria, no relativo á solicitude de subvención, que foi presentada no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación por un terceiro; e consideración automática da condición de socia de ASOPORCEL polo único feito de telo solicitado.

Para decidir se as ditas alegacións teñen que ser estimadas ou, polo contrario, desestimadas, basta, ao meu xuízo, coa análise de dúas cuestións:

1ª. A doutrina dos actos propios. Esta doutrina é un principio fundamental no Dereito español que busca garantir a coherencia, a boa fe e a seguridade xurídica en tódalas relacións e interaccións humanas.

A dita doutrina baséase na idea de que ninguén pode ir contra os seus propios actos e comportamentos anteriores. Noutras palabras, unha parte non pode contradicir os seus actos pasados en beneficio propio ou en prexuízo de terceiros. Este principio está arraigado na equidade e na xustiza, e busca previr o abuso do dereito e, en xeral, a manipulación.

O principio de boa fe, como non podería ser doutra maneira, conforma un dos pilares sobre os cales se sustenta a doutrina dos actos propios. A boa fe esixe que as partes actúen con honestidade e lealdade nas súas interaccións e con respecto aos seus propios actos, non podendo cambiar repentinamente de posición en detrimento dos demais.

En definitiva, os principios da doutrina dos actos propios poden ser resumidos en tres:

1. Confiabilidade. Promove a confiabilidade nas relacións e interaccións humanas. Se unha parte induce a outra a confiar en certos actos ou declaracións, non pode logo descoñecerlos e desentenderse dos seus propios actos para obter unha vantaxe inxusta.

	IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Página	81/108	

2. Prohibición da contradición. Ninguén debe nin pode contradicir os seus propios actos ou declaracións pasadas. Se unha parte actuou nun sentido e dunha maneira particular no pasado, non pode adoptar unha posición radicalmente oposta no presente, sen unha causa que o xustifique e coa única finalidade de beneficiarse inxustamente.

3. Boa fe. A boa fe é esencial na aplicación desta doutrina. Non se pode actuar de maneira artificiosa ou manipuladora e pretender beneficiarse do seu propio engano. En relación coa doutrina dos actos propios, no caso que nos ocupa, cómpre ter en conta varios feitos:

1º. A beneficiaria reconece, na súa alegación segunda, que, ao publicarse a convocatoria das subvencións, decidiu concorrer, tramitándolle ASOPORCEL a súa solicitude.

2º. A solicitude de subvención presentada por ASOPORCEL, en nome da beneficiaria, conta, en toda a documentación que a integra, coa súa sinatura manuscrita.

3º. Contra o acordo provisional de concesión das subvencións, publicado no BOP nº 277, do 30 de novembro de 2024, e que contiña a avaliación detallada de todas as solicitudes de subvención, entre as que se atopaba a da beneficiaria, non se presentou ningunha alegación, nin por parte da beneficiaria nin por parte de terceiros.

4º. A beneficiaria, sabéndose beneficiaria da subvención, realizou os investimentos que constituían o seu obxecto, nos mesmos termos que figuran na súa solicitude, presentado a conta xustificativa deles o 26 de marzo de 2025.

É dicir, queda claro que a beneficiaria tivo coñecemento, en todo momento, da presentación da súa solicitude de subvención e do seu contido, tal e como se desprende dos seus actos, levados a cabo ao longo de todo o procedemento de xestión da subvención.

É por elo que as alegacións presentadas, relativas á falta de responsabilidade da beneficiaria na presentación da solicitude de subvención deben ser, ao meu xuízo, desestimadas.

2ª. Admisión de socios en ASOPORCEL. Segundo o artigo 8º dos Estatutos de ASOPORCEL, “Las solicitudes de admisión de nuevos socios serán estudiadas por la junta directiva, quien acordará, acerca de la concurrencia de las condiciones señaladas en el artículo 7, aprobar o denegar el ingreso, sin posibilidad de recurso contra su acuerdo. A todos los efectos no adquirirán la condición de socio en tanto no se satisfaga la cuota de alta.”

No trámite de audiencia á beneficiaria, requiríuselle, o 25 de setembro de 2025, a acreditación da súa pertenza a ASOPORCEL. Tal e como se acaba de ver, a acreditación deste requisito (no caso de cumprilo) é sinxela: bastaría coa certificación do acordo da xunta directiva aprobando a admisión e coa acreditación do pago da cota de alta.

A beneficiaria dedica boa parte do seu escrito de alegacións a expoñer o que, ao seu entender, acredita a súa condición de socia de ASOPORCEL, achegando, ademais (con clara vulneración da normativa sobre protección de datos persoais), multitude de documentos relativos a terceiros, que, considero, nada teñen que ver co requirimento que se lle comunicou a aquela.

É dicir, a acreditación da súa condición de socia de ASOPORCEL, esencial para decidir se houbo un falseamento das condicións que se tiveron en conta para a concesión da

	IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Página	82/108





subvención, non se produciu; o que deriva, necesariamente, na desestimación das súas alegacións neste sentido.

Terceiro.- De conformidade co establecido no artigo 89.1 do RLXS, producirase a perda do dereito ao cobro da subvención no suposto de concorrencia de algunha das causas previstas no artigo 37 da LXS.

E a letra a) do apartado 1 do dito artigo establece, como primeira causa de perda do dereito ao cobro da subvención a súa obtención falseando as condicións requiridas para elo.

Polo tanto, non acreditada, por parte da beneficiaria, a súa pertenza a ASOPORCEL, en calidade de socia, á vista do expediente, pode deducirse claramente o falseamento das condicións requiridas para a obtención da subvención, polo que procede a perda do dereito ao seu cobro.

Cuarto.- O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención é, segundo dispón o artigo 89.2 do RLXS, o establecido no artigo 42 da LXS.

Con todo, sendo que o dito artigo 42 non ten carácter básico, o dito procedemento, na Comunidade Autónoma de Galicia, será o regulado no Capítulo II do Título II da LSG.

Quinto.- Tal e como establecen os apartados 1 e 3 do artigo 94 do RLXS, no acordo polo que se inicie o procedemento de reintegro, deberán indicarse a causa que determina o seu inicio, as obrigas incumplidas e o importe da subvención afectado.

O acordo será notificado ao beneficiario, concedéndolle un prazo de quince días para que alegue ou presente os documentos que estime pertinentes.

Sexto.- De acordo co disposto no artigo 37 da LSG, o órgano concedinte será o competente para iniciar o procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención. Tendo en conta o exposto, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios, se acorde pola Xunta de Goberno:

1º. Desestimar as alegacións presentadas por dona María Carmen Rodríguez Tomé, o 10 de outubro de 2025, en resposta ao trámite de audiencia outorgado pola Deputación de Lugo, o 25 de setembro de 2025, para acreditar a súa pertenza á Asociación de criadores da raza porcina Celta (ASOPORCEL).

	IV7QSOKYMFMTKSFNXRXSKA3PAU	Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXRXSKA3PAU	Página	83/108	

2º. Iniciar o procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención outorgada pola Deputación de Lugo a dona María Carmen Rodríguez Tomé, por importe de 6.000 €, no marco do Programa “O que non arde”, de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na anualidade 2024; pola obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo.

3º. Notificar o dito acordo á beneficiaria, concedéndolle un prazo de quince días para que alegue ou presente os documentos que estime pertinentes.”

Polo exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Desestimar as alegacións presentadas por dona María Carmen Rodríguez Tomé, o 10 de outubro de 2025, en resposta ao trámite de audiencia outorgado pola Deputación de Lugo, o 25 de setembro de 2025, para acreditar a súa pertenza á Asociación de criadores da raza porcina Celta (ASOPORCEL).

2º.- Iniciar o procedemento de perda do dereito á subvención outorgada pola Deputación de Lugo a dona María Carmen Rodríguez Tomé, por importe de 6.000 €, no marco do Programa “O que non arde”, de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na anualidade 2024; pola obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo.

3º.- Notificar o dito acordo á beneficiaria, concedéndolle un prazo de quince días para que alegue ou presente os documentos que estime pertinentes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- Proposta de aprobación, se procede, do inicio de procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención outorgada pola Deputación de Lugo a D. Jorge Ángez Grases, por importe de 6.000 €, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do Programa “O que non arde”, na anualidade 2024.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Presentada por D. Jorge Ángez Grases a conta xustificativa correspondente á subvención outorgada pola Deputación de Lugo, por importe de 6.000 €, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do Programa “O que non arde”, na anualidade 2024; dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade,

	IV7QSOKYMFMTKSFNXRXSKA3PAU	Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXRXSKA3PAU	Página	84/108	



requiriuse ao beneficiario, o 25 de setembro de 2025, para a acreditación do cumprimento dos requisitos requiridos para a obtención da subvención.

Non presentadas polo requirido alegación nin acreditación ningunha, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitíuse informe do seguinte teor:

“Antecedentes de feito.

Primeiro.- O 8 de novembro de 2024 tivo entrada no Rexistro Electrónico Xeral desta Deputación Provincial de Lugo, solicitude, subscrita por don Jorge Ángeles Grases (no sucesivo, o beneficiario), de subvención, no marco do Programa de referencia (Rexistro de entrada nº 2024RT019381).

Na dita solicitude incluíase certificación, emitida polo director técnico da Asociación de criadores de gando da raza Porcina Celta (ASOPORCEL), acreditativa da pertenza do beneficiario á asociación de produtores gandeiros de porcino, e que, segundo o criterio 4 da Base 8 das canalizadoras das subvencións, lle permitía obter 2 puntos.

Con base na dita certificación e demais documentación integrante da súa solicitude, a Comisión de Avaliación prevista na Base 9 outorgoulle á beneficiaria, en sesión celebrada o 26 de novembro de 2024, unha puntuación total de 9,80 puntos.

O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da dita Comisión de Avaliación, previa fiscalización, efectuou proposta de concesión provisional das subvencións á Xunta de Goberno.

Segundo.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou, en sesión ordinaria celebrada o 28 de novembro de 2024, ditar resolución provisional de concesión das subvencións de referencia, atopándose o beneficiario como perceptor dunha subvención, por importe de 6.000 €, para a adquisición de: un curro, unha manga de manexo, dous bebedoiros, dous comedeiros, un refuxio e dúas parideiras.

Ao non formularse alegacións ao dito acordo provisional, este adquiriu o carácter de definitivo, segundo foi notificado a través de publicación no BOP de Lugo, nº 294, do 21 de decembro de 2024.

Terceiro.- En cumprimento do disposto na Base 14 das canalizadoras das devanditas subvencións, executadas as actuacións que constitúen o obxecto da concedida ao beneficiario, este presentou no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade, o 25 de marzo de 2025 (Rexistro de entrada nº: 2025RT005849), a conta xustificativa correspondente á dita subvención.

	IV7QSOKYMFMTKSFNXRXSKA3PAU	Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXRXSKA3PAU	Página	85/108	

Cuarto.- O 18 de abril de 2025, o presidente de ASOPORCEL presentou no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación Provincial de Lugo (Rexistro de entrada nº: 2025RT008069), escrito no que se lle comunicaba a este centro xestor que “no que atinxe ao programa denominado “O que non arde” na convocatoria 2024, detectamos que se aportaron varios documentos que non son certos, é dicir, que se certificou algo que era falso e que, sen dúbida afectou á puntuación obtida polos solicitantes.”; concretándose, no mesmo escrito, que o beneficiario non está asociado a ASOPORCEL.

Quinto.- Á vista do exposto, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, da Deputación Provincial de Lugo, como centro responsable de instruír e tramitar os respectivos expedientes, requiriuse ao beneficiario, o 25 de setembro de 2025 (Rexistro de saída nº: 2025RPS013224), outorgándolle trámite de audiencia ao efecto de que, no prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, formulara as alegacións e/ou aportara os documentos que estimara convenientes.

Asemade, informóuselle de que, no suposto de non presentarse alegacións e/ou os documentos que acreditaran a súa pertenza á devandita Asociación, iniciárase o correspondente procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención, de acordo co establecido no Capítulo II do Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sexto.- Transcorrido o prazo outorgado ao beneficiario para a acreditación da súa pertenza a ASOPORCEL, o beneficiario da subvención non presentou alegación ningunha nin acreditou a pertenza á dita Asociación.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.- Dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, tivéronse en conta: Os artigos 61 e 89 e o Capítulo II do Título III do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

O Capítulo II do Título II da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

O Capítulo VI da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (Publicada no B.O.P. Nº 9 do 11 de xaneiro de 2024) (OXS).

E as disposicións aplicables da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

Segundo.- De conformidade co establecido no artigo 89.1 do RLXS, producirase a perda do dereito ao cobro da subvención no suposto de concorrencia de algunha das causas previstas no artigo 37 da LXS.

E a letra a) do apartado 1 do dito artigo establece, como primeira causa de perda do dereito ao cobro da subvención a súa obtención falseando as condicións requiridas para elo.

	IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Página	86/108	



Polo tanto, non acreditada, por parte do beneficiario, a súa pertenza a ASOPORCEL, en calidade de socio, á vista do expediente, pode deducirse claramente o falseamento das condicións requiridas para a obtención da subvención, polo que procede a perda do dereito ao seu cobro.

Terceiro.- O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención é, segundo dispón o artigo 89.2 do RLXS, o establecido no artigo 42 da LXS.

Con todo, sendo que o dito artigo 42 non ten carácter básico, o dito procedemento, na Comunidade Autónoma de Galicia, será o regulado no Capítulo II do Título II da LSG.

Cuarto.- Tal e como establecen os apartados 1 e 3 do artigo 94 do RLXS, no acordo polo que se inicie o procedemento de reintegro, deberán indicarse a causa que determina o seu inicio, as obrigas incumplidas e o importe da subvención afectado. O acordo será notificado ao beneficiario, concedéndolle un prazo de quince días para que alegue ou presente os documentos que estime pertinentes.

Quinto.- De acordo co disposto no artigo 37 da LSG, o órgano concedinte será o competente para iniciar o procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención. Tendo en conta o exposto, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios, se acorde pola Xunta de Goberno:

1. Iniciar o procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención outorgada pola Deputación de Lugo a don Jorge Águez Grases, por importe de 6.000 €, no marco do Programa “O que non arde”, de subvencións, en réxime de concorrancia competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na anualidade 2024; pola obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo.
2. Notificar o dito acordo ao beneficiario, concedéndolle un prazo de quince días para que alegue ou presente os documentos que estime pertinentes.”

Polo exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Iniciar o procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención outorgada pola Deputación de Lugo a don Jorge Águez Grases, por importe de 6.000 €, no marco do Programa “O que non arde”, de subvencións, en réxime de concorrancia competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en

	IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Página	87/108



extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na anualidade 2024; pola obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo.

2º.- Notificar a dita resolución ao beneficiario, concedéndolle un prazo de quince días para que alegue ou presente os documentos que estime pertinentes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE INICIO DO PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE PERDA DE DEREITO E APERTURA DE TRÁMITE DE AUDIENCIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2024.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Vista a documentación obrante no expediente.

Visto o informe emitido polo Servizo de Deportes, do seguinte teor:

En relación á subvención concedida por importe de mil dous euros (1.002,00 €), ao Club Hípico La Cruz con CIF: G27453042 para Hípica; mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2024, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 058 do sábado 09 de marzo de 2024, emite o seguinte, informe:

Primeiro.- Que o Club Hípico La Cruz presentou na sede electrónica da Deputación Provincial con data 28/03/25 10:09 e numero de expediente 2025/CCP_01/000870 a conta xustificativa da subvención do procedemento de concorrencia competitiva, anualidade 2024, concedida para Hípica, por acordo da Xunta de Goberno de data 28 de xuño de 2024.

Segundo.- Que de acordo co sinalado no punto 11º das Bases reguladoras do concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2024, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial de Lugo do día 01 de marzo de 2024, entre a documentación esixida nas xustificacións de aboamento das subvencións atópanse:

Anexo I. Instancia de conta xustificativa.

Anexo II. Memoria de actuación xustificativa (conta xustificativa) sobre cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención, con indicación da duración da actividade e dos resultados obtidos.

Cadro de importes de financiamento.

Declaración do custo total da actividade subvencionada.

	IV7QSOKYMFMTKSFNXRXSKA3PAU		Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXRXSKA3PAU		Página	88/108	



Cadro de orzamento inicial e custo total e declaración relativa á desviación producida.

Anexo III. Declaración responsable relativa a:

Relación detallada das subvencións/ axudas ou patrocinios (con ou sen achega económica) obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade.

I. Que a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.

II. Que a entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

III. Que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.

IV. Autorización ou non do representante legal da entidade para que a Deputación poida solicitar - fronte aos organismos correspondentes - os certificados de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica, Servizo de Recadación Provincial e a Seguridade Social).

V. Que o beneficiario ao que represento:

Asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)” dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Non asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)” dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

VI. Que a execución da devandita actuación foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que, este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

VII. Que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

VIII. Que se deu cumprimento ao establecido no artigo 31.3 da LXS.

Anexo IV. (actividade competitiva/eventos).

Declaración responsable de relación clasificada de gastos e imputación de gastos da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificación do acreedor e

	IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Página	89/108



documento, importe, data de emisión, data de pagamento, descrición do gasto, así como as contías dos gastos imputados á subvención concedida.

No caso de relacionarse nóminas, deberán vir desglosadas, indicando salario líquido, Seguridade Social e IRPF.

Outra documentación.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (xustificantes de gasto), incorporadas na relación clasificada de gastos e que se afecten á Deputación. Ao respecto:

Deberán achegarse todos os xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida.

Do resto xustificantes de gasto, deberá achegarse unha mostra que supoña a seguinte porcentaxe en función do número dos mesmos:

Cando o número de xustificantes de gasto sexa menor ou igual a 10, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 10 % do importe da subvención concedida.

Cando o número de xustificantes de gasto sexa entre 11 e 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 5 % do importe da subvención concedida.

Cando o número de xustificantes de gasto sexa superior a 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 2 % do importe da subvención concedida.

No suposto de que o importe total dos xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida acade o importe total subvencionado non será necesario aportar ningunha mostra das sinaladas.

No relativo aos gastos de combustible, as facturas de gasto deberán reflectir expresamente a matrícula do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data _____”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

	IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Página	90/108





Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).

A documentación obtida por banca electrónica (descargas de banca en liña) debe estar debidamente acreditada pola entidade bancaria correspondente nos casos en que o órgano xestor así o requira.

Achegar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación (mostraxe), salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen IVE- en servizos e subministracións).

Certificados de estaren ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social. (De non constar autorización á Deputación para solicitalos e para importes superiores a 3.000,00 euros).

O centro xestor deberá achegar xunto coa documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social (cando conste autorización á deputación para solicitalos e para importes de subvencións superiores a 3.000,00 euros). Non obstante, se é o caso, terase en conta o artigo 24.4 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo o cal poderán acollerse á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social aquelas subvencións nas que a súa contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No seu caso, acreditación da titularidade do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.

	IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Página	91/108



No seu caso, declaración responsable de que os gastos de combustible de vehículo de titularidade acreditada da entidade solicitante, foron utilizados expresamente para o transporte dos elementos ou aparellos imprescindíbeis para a práctica da correspondente disciplina deportiva.

Terceiro. Que revisada a documentación xustificativa, con data 08/04/2025 14:19 e número de rexistro de saída 2025RPS005502, e de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, formulouse requirimento de emenda de conta xustificativa, para que a entidade beneficiaria no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte a recepción do referido requirimento, emendase e/ou presentase a seguinte documentación:

Os anexos presentados están en formato word, deberá presentalos en PDF

Anexo IV Relación clasificada e imputación de gastos.

No punto 1 non se indica a disciplina (Hípica)

Na columna de identificación, ademais do numero, debe indicar o tipo de documento (factura)

A data de emisión do certificado da Federación Hípica Galega é incorrecta (11/03/2025)

A data de pago de dito certificado está incompleta (06/01/2024 e 20/08/2024)

O importe do certificado é incorrecto (840 €)

Na columna "total con IVE" debe indicar o total da factura

A porcentaxe imputado das facturas é incorrecto.

Non se relaciona a factura FV-VTA-24-12-33069 de Aira S. Coop. Galega de 181,38 €, polo que deberá modificar o anexo. Logo de emendar a relación de gastos deberá emendar o custo total, o anexo I, e o anexo II, puntos II e III.

Nas columnas de imputación (porcentaxe e importe) soamente deberá indicar facturas polo importe da subvención concedida.

Anexo I. Instancia.

A cantidade solicitada é incorrecta (5.000,00 €)

Logo de modificar a relación de gastos deberá emendar o custo total.

Anexo II. Memoria xustificativa.

Características: debe indicar as categorías nas que compite

Destinatarios: debe indicar o numero de deportistas

Cadro de financiamento:

Logo de emendar a relación de gastos deberá modificar os puntos II e III

Punto III:

O orzamento indicado é incorrecto (6.400,00 €).

Non se indica a causa da desviación

Anexo III. Declaración responsable.

Consultada a Base de Datos Nacional de Subvencions (BDNS) constatase que reflicte unha subvención concedida pola Xunta de Galicia por importe de 500 € e que á vista do indicado podería ser susceptible de estar destinada á mesma actividade para a que se concedeu a subvención obxecto de xustificación. En consecuencia, solicítase aclaración ao respecto, e no seu caso, a modificación e emenda dos anexos que procedan.

	IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU		Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU		Página	92/108	



Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

Acreditación da titularidade do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.

Declaración responsable de que os gastos de combustible de vehículo de titularidade acreditada da entidade solicitante, foron utilizados expresamente para o transporte dos elementos ou aparellos imprescindíbeis para a práctica da correspondente disciplina deportiva.

Cuarto.- Visto que consta recepción electrónica do requirimento da conta xustificativa asinada por parte do beneficiario de data 08/04/2025 14:47:17.

Quinto.- Que con data 21/10/2025 14:02:51 e número de expediente 2025/CCP_01/000870, e por tanto dentro do fóra de 10 días previsto no referido requirimento, a entidade Club Hípico La Cruz presentou documentación relativa ao requirimento de emenda de conta xustificativa formulado. E considerando que malia que a referida documentación se achegou fóra do prazo de dez días previsto no requirimento formulado, tal achega de documentación produciuse antes de que se procedese a tramitar e notificar a resolución na que se tivese por transcorrido o mencionado prazo, en aplicación do art. 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e que por tanto ha de terse en conta para a continuación do trámite.

Sexto.- Que revisada a documentación presentada pola entidade Club Hípico La Cruz, constataríase que non terían emendadas as deficiencias detectadas e comunicadas no respectivo requirimento.

Non se emendaron os erros en Anexo IV.

Non se emendan os erros en Anexo I.

Non consta Anexo II cuberto no relativo a importes de custo de execución e cadro de financiamento.

No relativo á desviación producida do custo da actividade, de acordo cos datos reflectidos na documentación presentada (1785,78 €) respecto do orzamento presentado na solicitude (6400 €), o beneficiario argumenta un gasto non coincidente e maior ao declarado, sen que conste na relación de gastos aqueles que acrediten tal aclaración.

Non consta achega documental que acredite a inclusión de publicidade da Área de Deportes nas actuacións da actividade.

	IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Página	93/108



Non se acredita titularidade do club beneficiario respecto do vehículo do que se declaran gastos da actividade subvencionada.

Non consta declaración aclaratoria relativa á subvención da Xunta de Galicia reflectida na consulta da BDNS e que podería ser susceptible de estar destinada á mesma actividade para a que se concedeu a subvención.

Non consta declaración relativa ao gasto de combustible requirida.

Visto que ao abeiro das bases da convocatoria se procedeu ao tramite de requirimento da conta xustificativa previsto no punto 12º, no que se advertía que a falta de presentación de xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención e, tamén ao reintegro da contía anticipada e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, de conformidade con canto se establece na Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no artigo 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Visto o regulado no artigo 89 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no que se sinala que se producirá a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de Subvencións, e así mesmo que o procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención será o menos que para o de reintegro de subvención, establecido no artigo 42 da Lei xeral de Subvencións, e o previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Visto o previsto na base 12. Prazos de xustificación das bases da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2024, na que se prevé que na declaración de perda de dereito ou ben o reintegro das cantidades percibidas deberá tramitarse o correspondente procedemento con audiencia do interesado.

Por todo o exposto, e a xuízo do informante, cumpridos os trámites previstos, procede tramitar o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito e apertura de trámite de audiencia en relación ao cobro total da subvención concedida a CLUB Hípico La Cruz por importe de mil dous euros (1.002,00 €) para Hípica, mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024, polo que se resolve o concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2024, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 058 do sábado 09 de marzo de 2024.

O Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Iniciar o procedemento de declaración de perda de dereito e apertura de trámite de audiencia da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024, polo cal se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de

	IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Página	94/108





Lugo en concorrencia competitiva, ano 2024, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 058 do sábado 09 de marzo de 2024.

2º.- En cumprimento do antedito, do regulado no art. 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, notificar ao beneficiario Club Hípico La Cruz, o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito ao cobramento a beneficiarios de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2024, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024 e a apertura do respectivo trámite de audiencia, para que no prazo de dez (10) días poida alegar e presentar os documentos e as xustificacións que considere pertinentes, ou no seu caso, antes do vencemento do prazo, manifestación da súa decisión de non efectuar alegacións nin presentar novos documentos ou xustificacións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2024.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Vistos os informes emitidos pola Área de Deportes; o Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024, polo cal resólvese o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2024, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 058 do sábado 09 de marzo de 2024, das entidades que se detallan na táboa, polos importes sinalados.

CATEGORIA	NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	Subvención
Actividade competitiva 2024	CLUB CICLISTA RIBEIRA SACRA	CICLISMO	1.942,00 €
Organización de Eventos 2024	SIGLO ENDURANCE TEAM	RAID HIPICO VIA KÜNIG	700,00 €

	IV7QSOKYMFMTKSFNXRXSKA3PAU	Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXRXSKA3PAU	Página	95/108	

2º.- Notificar este acordo ao beneficiario, facéndolle saber que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, fronte ao que se poderá interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a recepción da presente notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte a recepción da presente notificación, sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NAS BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN CINCO (5) PRAZAS, VACANTES E DOTADAS ORZAMENTARIAMENTE, DENOMINADAS AUXILIAR, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Por acordo da Xunta de Goberno de data 31.10.2025, apróbanse a convocatoria e as bases específicas que regulan, xunto coas bases xerais, o proceso selectivo que se convoca para o ingreso como persoal funcionario de carreira na Deputación Provincial de Lugo en cinco (5) prazas, vacantes e dotadas orzamentariamente denominadas Auxiliar, incluídas na oferta de emprego público do ano 2023, acceso libre, polo sistema de oposición.

Producíndose erro material no punto 8. Programa de acceso apartado B) Materias específicas, e considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que textualmente di: “As Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”, proponse á Xunta de Goberno que proceda a súa corrección do seguinte xeito:

1º. Onde textualmente di:

“(…)

Apartado B) Materias específicas.

5. Organización territorial do Estado na Constitución. O municipio: organización municipal e competencias. Outras entidades Locais. Mancomunidades, Agrupacións. A comarca. Entidades de ámbito territorial inferior ao municipio.

	IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Página	96/108





6. A provincia no réxime local. A Deputación de Lugo: organización e competencias. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificacións de acordos. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP número 202 do 3.09.2020): órganos de decisión colexiados e unipersoais e organización complementaria.
7. Principios de actuación da Administración Pública. Tipoloxía dos entes públicos: as Administracións do Estado, Autonómica, Local e Institucional.
8. O sometemento da Administración á Lei e ao Dereito. As fontes do ordenamento xurídico. A Constitución. As leis: concepto e clases. As disposicións do executivo con forma de Lei: Decretos -Lei e Decretos legislativos. Os regulamentos: concepto e clases. Outras fontes de dereito.
9. A Unión Europea: o dereito derivado: regulamentos, directivas, decisións, recomendacións e ditames. As institucións da Unión Europea: o Parlamento, o Consello Europeo, o Consello e a Comisión. A potestade regulamentaria na esfera local. Ordenanzas, Regulamentos e Bandos; procedemento de elaboración e aprobación.
10. Concepto de interesado. Identificación e sinatura dos interesados no procedemento administrativo. Asistencia e asesoramento ao usuario. Dereitos e obrigas dos interesados nas súas relacións coas administracións públicas. Información administrativa e atención ao cidadá nos canles presencial, electrónico e telefónico. A web e a sede electrónica.
11. Os rexistros: concepto e función. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos na presentación de documentos. Validez e eficacia das copias realizadas polas administracións públicas. Termo e cómputo de prazos.
12. Os Documentos Públicos: Concepto, clases, función e características dos documentos administrativos (especial referencia ás notificacións e práctica das notificacións). Formación do expediente administrativo. O arquivo de documentos.
13. O acto administrativo: concepto, clase e elementos. Requisitos: motivación e forma. Eficacia dos actos administrativos: notificación e publicación. Validez. A nulidade de pleno dereito e anulabilidade. Irregularidades non invalidantes. Conversión, conservación e convalidación.
14. Fases do procedemento administrativo. Fase de iniciación. Formas de iniciación. Documentos dos interesados. A solicitude. Subsanación e mellora da solicitude. Declaración responsable e comunicación.
15. A obriga de resolver. O silencio administrativo. Fase de ordenación, instrución e remate. A execución. A revisión dos actos en vía administrativa. Os recursos administrativos. Conceptos e clases.

	IV7QSOKYMFMTKSFNXRXSKA3PAU	Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXRXSKA3PAU	Página	97/108	

16. O persoal ao servizo das Entidades Locais. Clases. O ingreso á función pública. Adquisición e perda da condición de empregado público. Os dereitos e deberes do persoal ao servizo dunha administración local. As situacións administrativas. Incompatibilidades. O código de conduta. Principios éticos e de conduta. Réxime disciplinario.

17. As Facendas Locais: clasificación dos recursos. Ordenanzas Fiscais.

18. Os Orzamentos Locais: estrutura e procedemento de aprobación. Réxime xurídico do gasto público local.

19. O contrato administrativo. Concepto. Clases. A actividade subvencional das Administracións públicas.

20. Competencias dixitais: Verificación básica de funcionamento do equipamento informático; manexo a nivel usuario de: intranet, internet, correo electrónico, axendas electrónicas, procesadores de textos, follas de cálculo e bases de datos.

(...)"

2º. Debe dicir:

"(...)

B) Materias específicas.

5. Organización territorial do Estado na Constitución. O municipio: organización municipal e competencias. Outras entidades Locais. Mancomunidades, Agrupacións. A comarca. Entidades de ámbito territorial inferior ao municipio.

6. A provincia no réxime local. A Deputación de Lugo: organización e competencias. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificacións de acordos. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 3.09.2020): órganos de decisión colexiados e unipersoais e organización complementaria.

7. Principios de actuación da Administración Pública. Tipoloxía dos entes públicos: as Administracións do Estado, Autonómica, Local e Institucional. A Unión Europea: o dereito derivado: regulamentos, directivas, decisións, recomendacións e ditames. As institucións da Unión Europea: o Parlamento, o Consello Europeo, o Consello e a Comisión.

8. O sometemento da Administración á Lei e ao Dereito. As fontes do ordenamento xurídico. As leis: concepto e clases. As disposicións do executivo con forma de Lei: Decretos -Lei e Decretos lexislativos. Os regulamentos: concepto e clases. Outras fontes de dereito. A potestade regulamentaria na esfera local: ordenanzas, regulamentos e bandos; procedemento de elaboración e aprobación.

9. A protección de datos persoais: Normativa e réxime xurídico. Principios e dereitos. Obrigações. A Axencia de Protección de Datos. A igualdade de xénero: Políticas de igualdade de xénero. Lexislación reguladora para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Principios xerais. Políticas contra a violencia de xénero. Discapacidade e dependencia.

10. Concepto de interesado. Identificación e sinatura dos interesados no procedemento administrativo. Asistencia e asesoramento ao usuario. Dereitos e obrigas dos interesados nas súas relacións coas administracións públicas.

	IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Página	98/108





Información administrativa e atención ao cidadá nos canles presencial, electrónico e telefónico. A web e a sede electrónica.

11. Os rexistros: concepto e función. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos na presentación de documentos. Validez e eficacia das copias realizadas polas administracións públicas. Termo e cómputo de prazos.

12. Os documentos públicos: concepto, clases, función e características dos documentos administrativos (especial referencia ás notificacións e práctica das notificacións). Formación do expediente administrativo. O arquivo de documentos.

13. O acto administrativo: concepto, clase e elementos. Requisitos: motivación e forma. Eficacia dos actos administrativos: notificación e publicación. Validez. A nulidade de pleno dereito e anulabilidade. Irregularidades non invalidantes. Conversión, conservación e convalidación.

14. Fases do procedemento administrativo: Fase de iniciación. Formas de iniciación. Documentos dos interesados. A solicitude. Subsanción e mellora da solicitude. Declaración responsable e comunicación.

15. Fases do procedemento administrativo: Fase de ordenación, instrución e remate. A obriga de resolver. O silencio administrativo. A execución. A revisión dos actos en vía administrativa. Os recursos administrativos. Conceptos e clases.

16. O persoal ao servizo das Entidades Locais. Clases. O ingreso á función pública. Adquisición e perda da condición de empregado público. Os dereitos e deberes do persoal ao servizo dunha administración local. As situacións administrativas. Incompatibilidades. O código de conduta. Principios éticos e de conduta. Réxime disciplinario.

17. As Facendas Locais: clasificación dos recursos. Ordenanzas Fiscais.

18. Os Orzamentos Locais: estrutura e procedemento de aprobación. Réxime xurídico do gasto público local.

19. O contrato administrativo. Concepto. Clases. A actividade subvencional das Administracións públicas.

20. Competencias dixitais: Verificación básica de funcionamento do equipamento informático; manexo a nivel usuario de: intranet, internet, correo electrónico, axendas electrónicas, procesadores de textos, follas de cálculo e bases de datos.

(...)” ”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Página	99/108



11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN ANTICIPADA VOLUNTARIA DUNHA VIXILANTE DO CADRO DE PERSOAL LABORAL.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Dona Margarita Candal Prieto nada o día 5 de xuño de 1959, que ocupa praza de vixilante na Rede Museística, do cadro de Persoal Laboral, e posto de Vixilante “A Extinguir”, presentou ante esta Entidade solicitude de xubilación anticipada voluntaria (Rexistro Xeral de Entrada nº 2025RPE018083, de data 31 de outubro de 2025), dende o día 30 de decembro de 2025.

Considerando que Dona Margarita Candal Prieto segundo informe de Simulación de Xubilación, expedido pola Secretaría de Estado da Seguridade Social e Pensións acredita que ten cotizados a efectos de prestacións de Seguridade Social, un total de 37 anos e 23 días.

Consideracións de dereito.

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público establece, como un dereito individual dos empregados públicos, “á xubilación segundo os termos e condicións establecidas nas normas aplicables”.

Así mesmo, no artigo 53 do Convenio Colectivo único do persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo contempla a posibilidade de acollerse á xubilación voluntaria determinando que se rexerá polas disposicións que sexan de aplicación específica nesta materia, debendo entenderse que, ao igual que se sinala para o persoal funcionario o artigo 67.2 do citado Real Decreto Lexislativo 5/2015: “Procederá a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que o funcionario reúna os requisitos e condicións establecidos no Réxime de Seguridade Social que lle sexa aplicable”.

Doutra banda, o Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, no seu artigo 208, establece:

“Xubilación anticipada por vontade do interesado.

1.- O acceso á xubilación anticipada por vontade do interesado esixirá os seguintes requisitos:

“a) Ter cumprida unha idade que sexa inferior en dous anos, como máximo, á idade que en cada caso resulte de aplicación segundo o establecido no artigo 205.1.a), sen que a estes efectos resulten de aplicación os coeficientes redutores a que se refire o artigo 206 e 206 bis.

b) Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de 35 anos, sen que, a tales efectos, se teña en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias. A estes

	IV7QSOKYMFMTKSFNXRXSKA3PAU	Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXRXSKA3PAU	Página	100/108	



exclusivos efectos, soamente se computará o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutoria, co límite máximo dun ano.

c) Unha vez acreditados os requisitos xerais e específicos da dita modalidade de xubilación, o importe da pensión a percibir ten que resultar superior á contía da pensión mínima que correspondería ao interesado pola súa situación familiar ao cumprimento dos 65 anos de idade. No caso contrario, non se poderá acceder a esta fórmula de xubilación anticipada.”

2.- Nos casos de acceso á xubilación anticipada a que se refire este artigo, a pensión será obxecto de redución mediante a aplicación, por cada mes ou fracción de mes que, no momento do feito causante, lle falta ao traballador ata cumprir a idade legal de xubilación fixada no artigo 205.1a).

As anteditas condicións e requisitos están matizadas polo sinalado na Disposición Transitoria Sétima, que formula unha aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, a idade de xubilación e o período de cotización necesario que aplicárase de maneira gradual, fixándose para no ano 2025, segundo se expresa no seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2025	38 anos e 3 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos e 8 meses

Tendo en conta cando antecede, visto o informe do Servizo de Recursos Humanos, na miña condición de Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Acceder á solicitude de Xubilación Anticipada Voluntaria de Dona Margarita Candal Prieto dende o día 30 de decembro de 2025, sendo o último día que presta servizos nesta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Página	101/108



12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUN ADMINISTRATIVO DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Don Pedro Gómez Zunzunegui, Administrativo Administración Xeral do Cadro de Persoal Funcionario, que ocupa o posto de “Xefe/a Unidade II Xestión Administrativa e Procuradoría”, con carácter definitivo, cumpriu os 65 anos de idade o día 1 de abril de 2024, que tiña recoñecidos menos de 38 anos na data de cumprimento dos 65 anos, polo que segundo se establece no Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, do Texto Refundido da Seguridade Social, a súa xubilación retrásase, 1 ano e 8 meses, é dicir, ata o 1 de decembro de 2025 e que o citado funcionario non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Tendo en conta a normativa de aplicación:

O artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

(...)”.

2.2.- O artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

(...)”.

4.- Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade.”

3.- A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

	IV7QSOKYMFMTKSFNXXRXXSKA3PAU	Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXXRXXSKA3PAU	Página	102/108





“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2025	38 anos e 3 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos e 8 meses

[...]”.

Considerando que Don Pedro Gómez Zunzunegui presenta informe de simulación de pensión, expedido pola Secretaría de Estado da Seguridade Social e Pensións, no que se sinala como data de xubilación o 1 de decembro de 2025, con fundamento na Disposición Transitoria Sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, do Texto Refundido da Seguridade Social, a súa xubilación situase, para o ano 2025 nos 66 anos e 8 meses.

Á vista do sinalado e do informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, na miña condición de Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida de Don Pedro Gómez Zunzunegui, con efectividade do día 1 de decembro de 2025, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 280/2025.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

	IV7QSOKYMFMTKSFNXRXSKA3PAU	Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXRXSKA3PAU		Página	

“En relación co oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo, polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente do recurso nº 280/2025 seguido a instancia de Maderas Canto, S.L. fronte á Deputación en materia sancionadora – resolución da Deputación da Unidade de Coordinación e Xestión Territorial no Expediente 7/2025, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 7333/2025.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co Decreto de data 31 de outubro de 2025 remitido pola Sala do Contencioso Administrativo - Sección 3ª - do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente do recurso nº 7333/2025 seguido a instancia do Concello de Becerreá fronte ao acordo do Pleno desta entidade de data 29 de xullo de 2025, acordo denominado “Proposta Relativa á Aprobación Definitiva da Actividade Económica e do Réxime Xurídico do Centro de Atención a Persoas Maiores de Becerreá.”, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente á Sala do Contencioso Administrativo – Sección 3ª – do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia así como a identificación do órgano responsable do cumprimento da resolución xudicial pola unidade administrativa encargada da súa elaboración, segundo os termos que se indican no citado Decreto.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento. Neste senso sinalar que, segundo o disposto no artigo 49 da LXCA a resolución pola que se acorde remitir o expediente débese notificar nos cinco días hábiles seguintes á súa adopción a aquelas persoas que aparezan como interesados no dito expediente, citándoas para que poidan persoarse como demandados no prazo de nove días hábiles.”

	IV7QSOKYMFMTKSFNXRXSKA3PAU	Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXRXSKA3PAU	Página	104/108	



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- CUMPRIMENTO DAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS DITADAS NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 140/2024 E EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS Nº17/2025.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto que en data 23-10-2024 o Xulgado do Contencioso Administrativo ditou Sentenza nº 237/2024 notificada en data 07-02-2025 co seguinte fallo:

“Que debo estimar y estimo íntegramente el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de Occident GCO SAU de Seguros y Reaseguros frente a la Excm. Diputación Provincial de Lugo, seguido como Proceso Abreviado número 140/2024 contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento, que la declaro contraria a Derecho y la anulo; y consecuencia debo condenar y condeno a la Administración demandada a indemnizar a la actora en la suma de 1.040,60 euros, más los intereses legales devengados desde el 24/04/2024. Con expresa imposición de costas a la Administración demandada, hasta la cifra máxima de doscientos euros (más impuestos) en concepto de honorarios de Letrado”.

Visto que existía unha contradición entre os Fundamentos de Dereito e o fallo da Sentenza en canto ás custas procesuais, se solicitou aclaración da resolución xudicial que foi resolta mediante Auto de data 11-02-2025, coa seguinte parte dispositiva:

“Que ha lugar a aclarar la Sentencia dictada en fecha 23/12/24 en los Autos de Procedimiento Abreviado nº 140/2024, en el siguiente sentido: En el fallo donde dice: “Con expresa imposición de costas a la Administración demandada, hasta la cifra máxima de doscientos euros (más impuestos) en concepto de honorarios de Letrado.” debe decir: “Con expresa imposición de costas a la Administración demandada, hasta la cifra máxima de trescientos euros (más impuestos) en concepto de honorarios de Letrado.”

Tendo en conta o anterior, esta Asesoría Xurídica en data 05-03-2025 tramitou a proposta de conta e cumprimento da Sentenza nº 237/2024, de data 23 de decembro de 2024, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo no Procedemento Abreviado 140/2024-F seguido como consecuencia do procedemento instado por Occident CGO SAU de Seguros y Reaseguros, co seguinte teor literal:

	IV7QSOKYMFMTKSFNXRXSKA3PAU	Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXRXSKA3PAU	Página	105/108	

"1º.- O cumprimento da devandita Sentenza nos termos contidos no seu fallo.

2º.- Que se autorice o ingreso da cantidade de 300 euros en concepto de franquía na conta de consignacións do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo cos seguintes datos:

Nº de conta: ES55 0049 3569 92 0005001274

Concepto: 2310000094014024"

A devandita proposta transcrita foi aprobada na sesión ordinaria da Xunta de Goberno celebrada en data 14 de marzo de 2025.

A Sentenza ditada nos presentes autos condenou á Deputación Provincial de Lugo ao pago de 1.040,60 euros máis os xuros legais devengados dende o 24-04-2024, así como a condea en custas que foron taxadas mediante Decreto de data 24-03-2025 no importe de 255,31 euros.

A Deputación Provincial de Lugo conta cun seguro de responsabilidade civil concertado con Mapfre en virtude do cal a Entidade provincial so responderá da franquía por importe de 300 euros.

En virtude do anterior, con data 19-03-2025 a Deputación Provincial de Lugo, atendendo ao acordo adoptado pola Xunta de Goberno realiza ingreso por importe de 300 euros na conta de consignacións do Xulgado, se ben, non se fixo constar expresamente o concepto de franquía.

O Xulgado, ao non constar o concepto do ingreso, por erro, imputou a devandita cantidade de 300 euros ao pago das custas procesuais por importe de 255,31 euros, expedindo un mandamento de devolución por importe de 44,69 euros á Deputación Provincial de Lugo ($300-255,31=44,69$).

Á vista de todo canto se deixa exposto, esta Asesoría Xurídica púxose en contacto cos representantes da entidade aseguradora Mapfre a fin de que realizasen na conta de consignacións xudiciais o ingreso que lles correspondía como consecuencia do contrato de seguro concertado, isto é, o pago do principal, os xuros e as custas procesuais unha vez descontados os 300 euros de franquía por sinistro.

A entidade aseguradora, unha vez revisada a petición, manifestou que non procedía o pago, toda vez que por erro do órgano xestor da Deputación Provincial de Lugo encargado de emprazar aos interesados, non se lle deu traslado da demanda e da citación para o acto de xuízo, motivo que lles ocasionou unha situación de indefensión, ao descoñecer o procedemento e non poder persoarse no mesmo para exercer a súa defensa.

En data 10-10-2025 o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo ditou Auto no Procedemento Execución de Títulos Xudiciais 17/2025 coa seguinte parte dispositiva:

"Acceder al despacho de ejecución interesado por la Procuradora Sra. Sabariz García en nombre y representación de la entidad Occident GCO S.A.U de Seguros y Reaseguros,

	IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXXSKA3PAU	Página	106/108





debiendo requerirse a la Excm. Diputación Provincial de Lugo a fin de que de forma inmediata proceda a abonar a la parte actora la cantidad de 1.040,60 euros, más los intereses legales devengados desde el 24/04/2024.

Las costas procesales del presente incidente se imponen a la Excm. Diputación Provincial de Lugo, en los términos expuestos en el fundamento jurídico segundo de la presente resolución".

- Fundamento de Derecho Segundo impón as custas do incidente á Deputación Provincial de Lugo, fixándose a estos efectos e por todos os conceptos na cantidade máxima de 100,00 euros.-

Considerando por tanto, a necesidade de dar cumprimento á Sentenza nos termos contidos no seu fallo conforme acordo da Xunta de Goberno de data 14-03-2025, tendo en conta o título executivo de data 10-10-2025, e con independencia de que se intente negociar coa entidade aseguradora as cantidades derivadas deste sinistro, a Deputación Provincial de Lugo deberá aboar no Xulgado á maior brevidade posible o importe de 1.040,60 euros de principal máis os xuros legais devengados dende o 24/04/2024 que ascenden conforme ao informe emitido por Tesouraría en data 31-10-2025 a 51,46 euros, todo elo sen prexuízo de que no caso de que se reclame pola parte actora a diferenza de xuros entre a data da emisión do certificado por Tesouraría e o día do seu pago, proceda calcular novamente a diferenza nos xuros a aboar. Asemade deberá aboar o importe das custas do procedemento de execución unha vez sexan taxadas polo Xulgado e a devandita taxación adquiera firmeza.

Vista a comunicación de existencia de crédito suficiente para o aboamento das devanditas cantidades comunicada polo Servizo de Intervención, á Xunta de Goberno proponse:

1º.- O cumprimento das resolucións xudiciais ditadas no Procedemento Abreviado 140/2024 e Execución de Títulos Xudiciais 17/2025.

2º.- O ingreso da cantidade de 1.092,06 euros en concepto de principal e xuros legais na conta de consignacións do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo cos seguintes datos:

Nº de conta: ES55 0049 3569 9200 0500 1274

Concepto: 2310000094014024

Observacións: Pago principal e xuros.

	IV7QSOKYMFMTKSFNXRXSKA3PAU	Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXRXSKA3PAU		Página 107/108	

3º.- O importe en concepto de custas procesuais derivadas do procedemento de execución deberá aboarse unha vez sexan taxadas polo Xulgado e a devandita taxación adquira firmeza.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dación de conta do decreto da Presidencia de data 11 de novembro de 2025.

Dáse conta da resolución da Presidencia de data 11 de novembro de 2025 pola que, por avocación de competencias, se aproba deixar sen efecto o punto 4 do acordo de Xunta de Goberno de data 4 de abril de 2025, onde se designaba a don Antonio Reigosa Carreiras, como vogal no Premio Otero Pedrayo, 2025, así como designar un novo vogal por parte da Deputación Provincial de Lugo recaendo nesta ocasión en don Xosé Brais García Fernández, responsable do Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo. A Xunta de Goberno queda enterada.

17.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO

	IV7QSOKYMFMTKSFNXRXSKA3PAU	Fecha y Hora	21/11/2025 12:49:19	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOKYMFMTKSFNXRXSKA3PAU	Página	108/108	